

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 24 DE XULLO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros

**Concelleiros**

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas e corenta minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello en sesión pública extraordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os seguintes concelleiros: dona Eva María Vilariño González; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión don Jesús Veiga Sabín, don Antonio Medín Pena e don José María Laya Carril.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 10 de xullo de 2006, queda aprobada por unanimidade.

**2.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS E ELEVACIÓN DAS PORCENTAXES DO ART. 174.3 DO TRLRFL.-** Dentro do anexo de investimentos do Orzamento municipal do exercicio 2006 está prevista a realización da obra de remodelación da rúa principal do Concello, cunha anualidade prevista para o exercicio 2006 de 1.000.000 de euros na partida 511/611.00. O orzamento máximo de execución previsto era de 5.000.000 de euros e cun prazo de execución inicialmente previsto de 48 meses, cun detalle por anualidades inicial como segue:

Anualidade 2006----- 1.000.000,00 €

Anualidade 2007 ----- 1.500.000,00 €

Anualidade 2008 ----- 1.500.000,00 €

Anualidade 2009 ----- 1.000.000,00 €

Tramitado o expediente de contratación e estando xa preseleccionada a oferta máis vantaxosa para os intereses do Concello, as anualidades resultantes serían as seguintes:

Anualidade 2006----- 1.000.000,00 €

Anualidade 2007 ----- 1.500.000,00 €

Anualidade 2008 ----- 1.500.000,00 €

Anualidade 2009 ----- 892.964,44 €

Considerando que estamos ante un investimento de carácter plurianual, cuxo número de anualidades é de catro e que o gasto que se imputa a cada anualidade excedería as porcentaxes previstas inicialmente na Lei de facendas locais (70%, 60%, 50% e 50%).

Considerando que o art. 174.5 do R.D.L. 2/2004 polo que se aproba o TRLRFL, establece que o Pleno poderá excepcionalmente elevar as porcentaxes a que se refire o art. 174.3 na medida en que debido ao orzamento ao que ascende o presente investimento, resulta imposible habilitar o crédito da anualidade do exercicio 2006 (consignada inicialmente cun importe de 1.000.000,00 euros) polo crédito necesario para dar cumprimento ás porcentaxes definidas no art. 174.3 o Pleno do Concello, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado e nove a favor dos restantes membros que asisten á seguinte acorda:

1º.- Aprobar a elevación das porcentaxes a que fai referencia o apartado 3 do art. 174 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobado Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ante a imposibilidade de habilitar o crédito na anualidade de 2006 para garantir o cumprimento dos límites porcentuais determinados no TRLFL. Estas porcentaxes quedarían:

Anualidade 2007 .....	1.500.000,00 euros	150%
Anualidade 2008 .....	1.500.000,00 euros	150%
Anualidade 2009 .....	892.964,44 euros	89,03%

2º.- Modificar o anexo de investimentos do exercicio 2006, da maneira que se xunta como anexo a ficha do presente gasto plurianual, cuxo contido é o seguinte:

Ano inicial 2006	Anexo de investimentos		
Ano final 2009	Proxectos plurianuais		
Proxecto. Remodelación da rúa principal de Miño (A Coruña)			
Ano	Gastos	Descrición	Importe
2006	511/611.00	Investimentos en estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas.....	1.000.000,00
2007	511/611.00	Investimentos en estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas .....	1.500.000,00
2008	511/611.00	Investimentos en estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas .....	1.500.000,00
2009	511/611.00	Investimentos en estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas .....	<u>892.964,44</u>
		Total gastos	4.892.964,44
Financiamento. Descrición			
2006	91701	Préstamo .....	811.000,00
	39700	Aproveitamentos urbanísticos .....	<u>189.000,00</u>
		Total financiamento	1.000.000,00

O Sr. Abraira Sobrado, concelleiro do BNG, manifestou que o seu voto era contrario por non estar de acordo con este investimento, xa que se estaba hipotecando os investimentos futuros do Concello. Contesta a Presidencia que esta obra será financiada co importe do canon de Piñeiro, que é maior, polo que non hipotecaremos nada.

### **3.- GASTO PLURIANUAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN CONXUNTA DE REDACCIÓN DE PROXECTO E POSTERIOR EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RÚA CARREIRA EN MIÑO.-**

Dada conta do expediente que se tramita para aprobar o gasto plurianual correspondente ao investimento da obra de remodelación da rúa principal de Miño-A Coruña, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado e nove votos a favor dos restantes membros que asisten á sesión , o Pleno do Concello acorda:

Aprobar o gasto plurianual correspondente ao investimento da obra de remodelación da rúa principal de Miño-A Coruña, de acordo co seguinte:

Anualidade 2006-----	1.000.000,00 €
Anualidade 2007 -----	1.500.000,00 €
Anualidade 2008 -----	1.500.000,00 €
Anualidade 2009 -----	892.964,44 €

**4.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REMODELACIÓN DA RÚA DA CARREIRA DE MIÑO.-** Visto o expediente tramitado para adxudicar a redacción do proxecto e posterior realización das obras de remodelación da rúa principal de Miño, rúa da Carreira.

De conformidade co establecido no prego de condicións e unha vez cumpridos os trámites regulamentarios, procedeuse á apertura de plicas, admitíndose as tres empresas que se presentaron:

Norvial S.L.

Espina & Delfín S.L.

U.T.E. Brues y Fernández Obras, Caminos y Asfaltos S.A.

O expediente de contratación foi aprobado polo Pleno deste Concello na sesión do día 11-05-2006, publicándose os anuncios de licitación no BOP núm. 119 do 26-5-2006, DOGA núm. 98 do 24-05-2006 e xornal *La Voz de Galicia* do día 23-05-2006 e a mesa de contratación propón a adxudicación á empresa Espina & Delfín S.L. por ser a que maior puntuación obtivo no concurso. O Pleno do Concello, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado e nove votos a favor dos demais membros asistentes á sesión, acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar a execución do proxecto e posterior realización das obras de remodelación da rúa principal de Miño A Coruña no prezo de 4.892.964,44 euros, segundo a oferta presentada cos seguintes prazos de execución:

Redacción do proxecto, menos dun mes dende a data de formalización do contrato.

Execución das obras, 15 meses a contar da data da acta de comprobación do trazado de planta.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto plurianual da adxudicación para redactar o proxecto e execución das obras de remodelación da rúa principal de Miño-A Carreira, por importe de 4.892.964,44 euros, cuxo detalle por anualidade é o seguinte:

Anualidade 2006----- 1.000.000,00 €

Anualidade 2007 ----- 1.500.000,00 €

Anualidade 2008 ----- 1.500.000,00 €

Anualidade 2009 ----- 892.964,44 €

3º.- Que se lle notifique á adxudicataria Espina & Delfín S.L., así como ao resto de licitadores dentro do prazo e dez días estes acordos e que se lle requira para que dentro dos quince días, contados dende que se lles notifique estes acordos, concorra á formalización do contrato en documento administrativa, logo da constitución da garantía definitiva, equivalente ao 4% do importe de adxudicación e outra complementaria doutro 4% da adxudicación, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas e na Lei de contratos das administracións públicas.

4º.- Que se lles devolvan as garantías provisionais ás empresas que se presentaron á licitación, agás á adxudicataria ata que non presente a garantía definitiva e a complementaria.

5º.- Publíquese a adxudicación no BOP no prazo de corenta e oito días, contados dende a data de adxudicación do contrato.

O concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG manifestou que o seu voto é negativo, xa que se reducen as prazas de aparcadoiros que hoxe existen nesta rúa, que pasan de 350 a 194 e non se resolve o acceso a Vilamateo e á praia.

A Presidencia contesta que por enésima vez vai tentar aclarar esta cuestión e quede claro que o concelleiro do BNG tenta disfrazar a realidade e o que di este concelleiro de que temos a obriga de dar este servizo, pero non para os que deixan o coche a primeiras horas da mañá e non o retiran en todo o día, mentres que se limitamos as horas de aparcamento sempre haberá sitio para os que acceden a realizar compras e xestionar asuntos. En relación ao cruzamento, debería coñecer que non hai outra saída e temos programado un novo vial que solucionaría en parte este

problema, esperemos, di, que a Xunta algún día dea vía libre e nos autorice como solicitamos.

O concelleiro Sr. Herva Mallo indica que no tema de aparcadoiros, os que deixan o vehículo todo o día poderán facelo en tres aparcadoiros que se propoñen á entrada de Miño, no que se construíra debaixo da praza en Raxel e no que se constrúen na Galea, e as prazas da rúa quedarían para os que soamente a necesitan para realizar compras ou xestións e despois o deixarían, e coas obras que se propoñen haberá máis aparcadoiros.

A Presidencia sinala que o concelleiro do BNG non quere solucionar este problema.

O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez pregunta se se vai limitar o horario dos aparcadoiros e se se vai cobrar, e contesta a Presidencia que se limitará o tempo, pero non temos intención de cobrar, xa que non nos parece razoable.

Sometida a votación o acordo, deu o resultado que quedou reflectido.

**5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE APOD 13.-** Visto o estudo de detalle que presenta Alveal na APOD- 13 do PXOM, redactado polos arquitectos asociados Manuel Carbajo e Celso Barrios.

Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión do 2-06-2006 e foi exposto ao público con inserción de anuncios no taboleiro de edictos, DOG núm. 113 do 14-06-2006 e xornal *La Opinión* do 9-06-2006, sen que durante o prazo de exposición ao público, vinte días, se presentase reclamación ningunha.

De conformidade co que establece o art. 89.2 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, O Pleno do Concello coa abstención dos concelleiros Sres. Abaira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE e o voto favorable dos oito votos a favor dos demais membros asistentes á sesión, acorda

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle sinalado anteriormente.

2º.- Que se lle notifique este acordo ao promotor Alveal e se publique no taboleiro de edictos e no Diario Oficial de Galicia.

3º.- En cumprimento do que establece o art. 92.3 da citada Lei 9/02, comuníquese esta aprobación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte con traslado de copias dilixenciadas de dous exemplares do instrumento aprobado, e queda condicionada a firmeza deste acordo de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle, ao cumprimento do sinalado, como dispón o art. 92.4 da Lei 9/02.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás catorce horas e dez minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario